A LINGUAXE FAINOS IGUAIS

PLAN ESTRATEXIA
MARCO COMUNITARIA
SOBRE A
IGUALDADE ENTRE
HOMES E MULLERES
2001-2005

R E D A C C I Ó N

Silvia Rodríguez Fontán
Técnica de Igualdade de Oportunidades, Proxecto Equal-Compás-AD
Área Metropolitana de Vigo.

Mª del Carmen Arias Fariña
Bolseira da Concellería da Muller do Concello de Vigo.

C O O R D I N A C I Ó N

Carmen López Fernández
Técnica de Igualdade de Oportunidades, Proxecto Equal-Compás-AD
Área Metropolitana de Vigo.

Cristina Gómez García
Técnica da Concellería da Muller do Concello de Vigo.

Ana García Barrio
Coordinadora de Márketing de Inserción, Proxecto Equal-Compás AD
Área Metropolitana de Vigo.

C O R R E C C I Ó N

Blanca Roura Javier

Colabora:

O proxecto Compás-Equal A.D. Área Metropolitana de Vigo contempla a elaboración desta guía como vía para chegar ó uso non sexista da linguaxe no ámbito do emprego, e seguir así as directrices Comunitarias da Iniciativa Equal, onde se considera a Igualdade de Oportunidades como "*o principio horizontal que debe ser contemplado en todas as súas fases, incorporándoo ós seus obxectivos e actuacións concretas*".

Así mesmo, a presente Guía de Linguaxe Non Sexista enmárcase dentro da Estratexia Marco Comunitaria sobre a Igualdade entre Homes e Mulleres (2001-2005), que establece como obxectivos operativos que terán que levar a cabo todos os Estados Membros, os seguintes:

- Promover a igualdade entre homes e mulleres na vida económica.
- Fomentar unha igual participación e representación.
- Promover a igualdade de acceso e o pleno disfrute dos dereitos sociais para as mulleres e os homes.
- Promover a igualdade entre homes e mulleres na vida civil.
- Promover o cambio dos roles e estereotipos establecidos en función do sexo.

Esta publicación elaborouse en colaboración coa Concellería da Muller do Concello de Vigo cumprindo así coas accións establecidas na área de Transversalidade do “II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato das Mulleres de Vigo 2003-2004”, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o 25 de novembro de 2002, no que se establecen os seguintes obxectivos específicos:

- Sensibilizar e formar na igualdade e na perspectiva de xénero ó persoal técnico e político do Concello de Vigo.
- Incorporar a perspectiva de xénero ós deseños, contidos e avaliacións das políticas municipais.
- Visualizar a situación de homes e mulleres na sociedade.

SEXISMO LINGÜÍSTICO

Incórrese en sexismo lingüístico cando a mensaxe resulta discriminatoria debido á súa forma, é dicir, debido ás palabras ou estructuras elixidas.
Podemos detectar o sexismo lingüístico aplicando a REGRA DA INVERSIÓN que consiste en substituír a palabra dubidosa pola súa correspondente de xénero oposto. Se a frase resulta inadecuada é que o enunciado primeiro é sexista.
A utilización dunha linguaxe non sexista debe implantarse á hora de nomear/escribir:

- **CARGOS E POSTOS.**
- **DENOMINACIÓN DO FUNCIONARIADO.**
- **CIRCULARES INTERNAS.**
- **OFERTAS DE EMPREGO.**
- **CONCURSOS E OPOSICIÓNS.**
- **RECOMENDACIÓNS, ORDES.**
- **TÍTULOS.**
- **CARREIRAS E PROFESIONAIS.**
- **ROTULACIÓN.**

Empregar xenéricos reais, xunto co emprego de abstractos e colectivos marca a atención nas funcións que se desenvolven e non nas persoas que as realizan. Evitarase usos discriminatorios usando, por exemplo:

Os veciños poderán participar no acto de inauguración.

A veciñanza poderá participar no acto de inauguración.

Proposta de emprego de subsantivos xenéricos

DEBEMOS UTILIZAR:	EN LUGAR DE:
A adolescencia	Os adolescentes
A xuventude	Os xoves
A infancia/A nenez	Os nenos
A cidadanía	Os cidadáns
A humanidade	Os homes
A descendencia	Os descendentes
O profesorado	Os profesores
O alumnado	Os alumnos
O funcionariado	Os funcionarios
O electorado	Os electores
A veciñanza	Os veciños

Proposta de emprego de perífrases

DEBEMOS UTILIZAR:	EN LUGAR DE:
O pobo galego	Os galegos
A poboación viguesa	Os vigueses
A clase política	Os políticos
As persoas maiores	Os maiores
O persoal docente	Os docentes
O persoal administrativo	Os administrativos
A comunidade escolar	Os profesores e alumnos

EXEMPLOS

- Solicitante
- Agrupación
- Alumnado
- Asemblea
- Asociación
- Electorado
- Avogacía
- Cidadanía
- Colectividade
- Público
- Descendencia
- Xente
- Víctima
- Comunidade
- Xuventude
- Dirección
- Equipo
- Funcionariado
- Infancia
- Seres humanos
- Mocidade
- Profesorado
- Xerencia
- Coordinación
- Veciñanza
- Xefatura

- O funcionariado terá que...
- A dirección deberá...
- As persoas afectadas...

USAR AMBOS XÉNEROS GRAMATICAIS: CONSIGNAR OS DOUS XÉNEROS GRAMATICAIS NAQUELES NOMES QUE OS TEÑEN

Así:

- ***As interesadas e os interesados***
- ***As propietarias e os propietarios***
- ***As funcionarias e os funcionarios***

"Os traballadores e as traballadoras *seleccionados e seleccionadas...*"

E si utilizar

"Os e as traballadoras seleccionadas..."

Os e as que se seleccionen...

O uso do termo

“home”

produce ambigüidades
e confusións que poden
dar lugar á

DISCRIMINACIÓN

e a ocultación da

MULLER

RECOMENDACIÓNS:

A

EMPREGAR A PALABRA "HOME" SÓ CANDO ATINXE Ó SEXO MASCULINO

Exemplo:

Os homes que teñan que acudir ó urólogo poderán facelo en horario de mañá.

B

EMPREGAR PARA AMBOS SEXOS OUTROS XENÉRICOS (PERSOA, INTEGRANTE) OU COLECTIVOS (HUMANIDADE, XENTE)

Exemplo:

Advírtese *ós empresarios* que desexen licitar que está aberto o prazo de inscrición.

Advírtese *as persoas empresarias* que desexen licitar que está aberto o prazo de inscrición.

C

SUBSTITUIR POR EXPRESIÓNS COMO "SER HUMANO", "XÉNERO HUMANO", ETC.

Exemplo:

Os estudios sobre *o home*

Os estudios sobre *o ser humano*

ADAPTACIÓN DO CARGO Ó XÉNERO DA PERSOA:

Nomear en masculino a unha muller que exerce unha labor profesional **invisibilízaa** e comporta ademais connotacións de dificultade e ambigüidade na comunicación.

CÓMPRE **ADAPTAR** O NOME DOS **POSTOS** OU CARGOS Ó **XÉNERO** DE QUEN OS OCUPA.

Exemplos:

- A fiscal/ o fiscal.
- A deputada/ o deputado.
- Directora xeral de..../ director xeral de....
- A líder/ o líder.
- Avogada/ avogado.
- Médica/ médico/ persoal médico
- Arquitecta/ arquitecto.
- A xuíza/ o xuíz.
- Limpadora/ limpador.
- A perita/ o perito.
- A xefa/ o xefe.
- A tesoureira/ o tesoureiro.
- A concelleira/ o concelleiro.
- Firma do director/ firma da directora
- Técnico/ técnica

Debemos empregar:	En lugar de:
Xerencia	Os xerentes
Dirección	Os directores
Xefatura	Os xefes
Secretaría	Os secretarios
Enxeñería	Os enxeñeiros
Asesoría	Os asesores
Coordinación	Os coordinadores

EMPREGAR IDÉNTICO TRATAMENTO

para homes e mulleres evitando destacar o estado civil e a dependencia de mulleres e varóns

Exemplos:

Señora/ Señor (Sra./Sr.)

Dona/Don (D.ª / D.)

TEN QUE EXCLUÍRSE O USO DO TERMO “SEÑORITA”

B

ORDE DAS PALABRAS:

Nos documentos administrativos, cando se menciona expresamente os dous sexos, polo xeral, o masculino aparece precedendo ó feminino; alterar este costume, adiantando a mención á muller, contribuirá a modificar os estereotipos tradicionais construídos a partir de relacións de desigualdade entre os colectivos masculino e feminino e mesmo, ante a dúbida, pode observarse a orde alfabética.

Así:

- Pai, nai ou representante legal.
- Nai, pai ou representante legal.
- Nome do pai....... Nome da nai.
- Nome da nai........Nome do pai.

Exemplo:

Os nenos e nenas poderán formalizar a súa inscrición no campamento de verán.

As nenas e nenos poderán formalizar a súa inscrición no campamento de verán.

FORMAS IMPERSOAIS

USAR AS FORMAS IMPERSOAIS DE VERBOS E PRONOMES

Exemplos:

👎 *Recoméndase* ós *usuarios* da tarxeta que a empreguen debidamente.

👍 Recoméndase que *utilice* a súa tarxeta debidamente.

👎 *Cando un* vén traballar...

👍 *Cando alguén* vén traballar...

👎 *Aqueles* que dispoñan de tarxeta de residencia.

👍 *Quen* dispoña de tarxeta de residencia.

👎 *O demandante...*

👍 *Quen* presente unha demanda...

- Quen
- Cando alguén
- Proponse que (fórmula vostede)

EMPREGO DE BARRAS

ADECUADO NO CASO DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS ABERTOS ONDE SE DESCOÑECE A PERSOA INTERESADA

TRUQUIÑOS

OMITIR O DETERMINANTE:

EXEMPLO:

- Poderán optar o concurso os *profesionais* con experiencia.
- Poderán optar o concurso *profesionais* con experiencia.

EXEMPLO (en documentos de firma):

- O *titular* da conta
- *Titular* da conta

EMPREGAR DETERMINANTES SEN MARCA DE XÉNERO:

EXEMPLO:

- *Todos os membros* recibirán un agasallo.
- *Cada membro* recibirá un agasallo.

EXEMPLO:

- *Os particulares* deben solicitar o pago das dietas.
- *Cada particular* debe solicitar o pago das dietas.

- Formularios
- Fichas
- Impresos solicitudes
- Contratos
- Nóminas
- En xeral, en textos breves como sinaturas ou cabeceiras de cartas

Exemplos:

- A/o interesada/o
- Destinataria/o
- Demandada/o
- Empregado/a
- Licenciada/o
- Usufructuario/a
- Propietario/a
- O/A traballador/a
- Director/a
- Cidadá/án

UTILIZAR O SUBSTANTIVO "PERSOA" EVITA NA LINGUAXE ADMINISTRATIVA O XÉNERO MASCULINO:

EXEMPLO:

O interesado debe presentar a documentación do C.V.

A persoa interesada debe presentar a documentación do C.V.

APUNTE:
A ARROBA (@) CÓMPRE EVITARSE XA QUE É IMPRONUNCIABLE NO PLANO ORAL E NON É UN SIGNO LINGÜÍSTICO.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ACUÑA FRANCO, S. (1995): “Coeducación y tiempo libre”, Madrid, Popular.

ADAMS, K.L. e N.C. WARE (1994): “Sexismo y lenguaje: las implicaciones lingüísticas de ser mujer”, Madrid, Siglo XXI de España Editores.

ALARIO TRIGUEROS, C. (1995): “El discurso desde una perspectiva del género”, Mujeres, 18, páxs. 12-13

ALARIO TRIGUEROS, C. e A. DÍEZ GONZÁLEZ (1993): “Hacia una enseñanza no sexista de la lengua extranjera”, Palencia, Suens.

ALARIO, C. (1995): “NOMBRA. En femenino y en masculino. La representación del femenino y el masculino en el lenguaje”, Madrid e Sevilla, Instituto da Muller e Instituto Andaluz da Muller.

ERRAZU COLÁS, M.A. (1995): “Recomendaciones para un uso no sexista del lenguaje”, Zaragoza, Instituto Aragonés da Muller- Goberno da Muller.

FERNÁNDEZ DE LA TORRE, M.D.,A.M. MEDINA GUERRA e L. TAILLEFER DE HAYA (1999): “El sexismo en el lenguaje”, Málaga, Cedma.

GONZÁLEZ ÁLVAREZ, C. e F. ZARAGOZA CANALES (1999): “Usos sexistas en el lenguaje administrativo”, Málaga, Cedma.

INSTITUTO DA MULLER (1989): ”Propuestas para evitar el sexismo en el lenguaje”, Madrid, Ministerio de Asuntos Sociais, Instituto da Muller.

INSTITUTO DA MULLER: “Las profesiones no tienen sexo” (Cuadernos de educación no sexista nº2)

INSTITUTO DA MULLER: “Profesiones en femenino. Nombra desde la A a la Z”

INSTITUTO DA MULLER e MINISTERIO PARA AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (1993): “Uso no sexista del lenguaje administrativo”, Ministerio de Asuntos Sociais, Instituto da Muller.

MEDINA GUERRA, Antonia M. (2002): “Manual del lenguaje administrativo NO SEXISTA”. Ayuntamiento de Málaga e Asociación de Estudios Históricos sobre a Muller da Universidade de Málaga.

INTERNET:

Area Municipal de Promoción de la Igualdad y empleo del Ayuntamiento De Madrid: www.munimadrid.es

Asociación Alecrín: http://www.alecrin.org

CCOO Secretaria da Muller: www.ccoo.es   www.fe.ccoo.es

Concello de Vigo- Muller: www.vigo.org

Diputació de Barcelona: www.diba.es/dona

Emakunde: www.emkunde.es

Fundación Mujeres: www.fundacionmujeres.es

Generalitat Valenciana: www.gva.es

Generalitat Cataluya- L´Institut Catalá de la Done: www.gencat.net

Gobierno de Aragón: www.aragob.es

Instituto de la Mujer: www.mtas.es/mujer

Instituto Andaluz de la Mujer: www.iam.juntadeandalucia.es

Instituto Aragonés de la Mujer: www.aragob.es/iam

Instituto Asturiano de la Mujer: www.princast.es/imujer

IInstituto Canario de la Mujer: Centro de Documentación: www.icmujer.org

Instituto Navarro de la Mujer: www.cfnavarra.es/inam

Instituto Riojano de la Mujer: www.larioja.org

Junta Castilla y León- Plan de igualdad: www.jcyl.es

As mulleres en Europa-Helsinki: www.helsinki.fi

Lobby europeo de mulleres: www.celem.org

Mulleres en rede: www.nodo50.org

Palencia: plan de igualdad: www.turwl.com/now-cmujer

Servicio Galego de Igualdade: www. xunta.es

Servei municipal d'informació i documentació per a dones de l'Ajuntament de Barcelona: www.cird.bcn.es

VIGO:
Antigo edificio Asefal. r/ Elduayen nº 36 - Telf.: **986 228 121**

REDONDELA:
Avda. da Xunqueira, s/n. (edificio Multiusos) 2º andar aula 12 - Telf.: **986 400 798**

O PORRIÑO:
Edificio Multiusos. r/ Riveira s/n Torneiros - Telf.: **986 331 297**

Dpto. Obra Social
Avda. García Barbón, núm 2
Telf.: **986 828 200**
VIGO

unión comarcal de vigo
r / Hernán Cortés, núm 26- 2º
Telf.: **986 228 894**
VIGO

Avda. García Barbón, núm 104
Telf.: **986 439 611**
VIGO

Confederación Intersindical Galega
r/ Gregorio Espino, núm 47 - 1º
Telf.: **986 262 689**
VIGO

EXCMA. DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
Servicio de Promoción do Emprego
Avda. Montero Ríos s/n
Telf.: **986 804 100**
PONTEVEDRA

Unión Xeral
de Traballadores
r/ Heraclio Botana, núm 2
Telf.: **986 44 34 28**
VIGO

Telfs.: 986 442 113/14 - Fax: 986 442 115
www.proyectocompas.org / e-mail: info@proyectocompas.org

FONDO SOCIAL EUROPEO